

BOLETIN 7

ESCULCA

VIDA PRIVADA E PODERES PÚBLICOS (A Lei Integral a exame)

Sob esta epígrafe comun, os pasados días 27 de Outubro, 3 e 10 de Novembro tivo lugar na Galeria Sargadelos de Santiago de Compostela, un ciclo de tres conferencias organizadas por *Xustiza e Sociedade*, *Movemento polos Dereitos Civís* e *EsCULcA* en que participaron profesionais da xustiza e a psicoloxía, representantes do movemento feminista e as propias organizacións convocantes.

O obxectivo era examinar, de unha perspectiva plural, as medidas que contempla a Lei Integral contra a Violencia de Xénero para facer fronte ao grave problema das agresións no ámbito doméstico e as repercusións que esas medidas poden ter en relación con a salvaguarda dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas.

Pretendíase analizar as vantaxes e perigos da cada vez máis profunda intromisión dos poderes públicos na nosa vida privada e compartir algunhas cuestións que preocupan a amplos sectores da sociedade: Devemos abrir ao poder público as fronteiras da nosa intimidade? En que circunstancias? Até onde? Perguntas complexas en que aniñan outras non menos importantes: Será o agravamento do rigor punitivo a mellor forma de solucionar este grave problema social? Havería outras formas máis eficaces de lle facer fronte? Pon esta lei en perigo a garantía de dereitos como a presunción de inocencia ou a igualdade perante a lei?

Unha lei polémica

Tanto as xuristas convidadas, Ana López-Suevos (maxistrada) e Celia Balboa (advogada), como o profesor de Psicoloxía da Universidade de Santiago, Ramón Arce, coincidiron en sinalar a inadecuación do adxectivo “integral” para calificar unha lei que se limita a tratar a violencia que contra a muller exerce o home no ámbito doméstico e en congratular-se por se contemplaren medidas educativas e de apoio à muller maltratada.

Ana López-Suevos apuntou no entanto que esta lei ten aspectos inquietantes: a desigualdade que se introduz ao atribuír diferente valor ao ben vida segundo o sexo da persoa agredida ou agresora, a regresión que significa continuar na liña de agravamento de penas emprendida polo anterior goberno, as consecuencias da súa aplicación en relación con outras reformas recentes (a introdución dos xuízos rápidos, p.ex.), as secuelas que pode deixar na personalidade dos individuos a utilización de dispositivos telemáticos como complemento às penas de prisión, etc.

“O interese que mostran certas institucións públicas en facer ver que o movemento feminista aprova sen discrepancias a filosofía penalista e non igualitaria que inspira esta lei non é inocente”, salientou Celia Balboa, quen alertou sobre o perigo de depositar

excesiva confianza nos seus efectos. A maioría das sentenzas por maus tratos son condenatorias e no entanto isto non aminora a violencia nen as mortes. Nen sequer evita maus tratos non denunciados. É preciso, insistiron, encontrar estratexias alternativas ao castigo e pór o acento tónico no aprendizado dos comportamentos. “Asi como uns aprenden a roubar carteiras” -afirmou Ramón Arce- “outros aprenden agredir ou a ser vítimas”.

Nanina Santos Castroviejo e Lupe Ces Riobó fecharon o ciclo defendendo puntos de vista parcialmente contrapostos no que a orientación penalista da lei di respecto. Para Cés Riobó o endurecemento das penas e o trato desigual perante a lei é necesario para corrixir unha situación de desigualdade histórica e evitar que continuen producindo-se agresións contra as mulleres. Santos Castroviejo, que se mostrou escéptica canto aos efectos da lei, manifestou a súa preocupación por un sector importante do feminismo aderir sen reparos à súa filosofía penalista e orientar as súas reivindicacións en sentido contrario ao dos movementos progresistas.

PROTOCOLO CONTRA A TORTURA

O pasado 20 de Novembro tivo lugar en Madrid a primeira reunión preparatoria da campaña pola adhesión, ratificación e implementación do Estado Español do Protocolo Facultativo da Convención contra a Tortura¹. As organizacións presentes nesta reunión, entre elas Esculca, elaboraron un plano de traballo e un calendario de actuacións que será feito público os primeiros días do próximo 2005.

ANÁLISES E RELATÓRIOS

TRATADO CONSTITUCIONAL DA UE: DIREITOS FUNDAMENTAIS

O *Tratado Constitucional Europeu* contén un catálogo de dereitos e liberdades dos cidadáns europeos agrupados (para alén das referencias puntuais que a determinados dereitos se conteñan noutras partes do Tratado) na denominada *Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión*, procedente do texto homónimo aprobado polos Estados membros no Consello Europeu de Niza.

Obviamente, a incorporación dun catálogo de dereitos é unha tentativa de achegar o Tratado à imaxe típica das Constitucións estatais, tal e como esta ficou establecida no Art. 16 da *Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán de 1789*: só hai Constitución cando os poderes están separados –sobre a peculiar estrutura institucional deseñada no Tratado, habería moito que falar– e os dereitos dos cidadáns garantidos. Eis pois o asunto: que dereitos se recollen na mal chamada Constitución Europea? Con que alcanzo? Cal é a súa efectividade práctica para os europeos e as europeas?

Dereitos incluídos e dereitos excluídos

¹ Vide Esculca 3, pp.11-13

A respecto da primeira das cuestións, o Tratado Constitucional non mellora o establecido na maioría das Constitucións estatais dos Estados membros nen, desde logo, o establecido nos instrumentos internacionais ratificados por eles. A *Carta de Dereitos*, correspondente à Parte II do Tratado, divide-se en sete títulos (respectivamente, “Dignidade”, “Liberdade”, “Igualdade”, “Solidariedade”, “Cidadanía”, “Xustiza” e “Disposicións xerais que rexen a interpretación e aplicación da Carta”). Como incorporacións novidasas, os propagandistas do Tratado aluden ao recoñecimento de dereitos en materia de protección de datos, acceso à información, protección da integridade das persoas en relación con a medicina ou a colocación do corpo humano fóra do mercado. Mais, en que medida supoñen estas incorporacións un avance se, a respecto da colocación do corpo humano fóra do mercado, por exemplo, non se cuestionan as patentes bio-tecnolóxicas, reguladas na Dir. 98/44/CE (incorporada ao ordenamento español através da Lei 10/2002), que permite patentar xenes ou secuencias xenéticas humanas como a concedida à empresa BIOCYTE pola Oficina Europea de Patentes sobre células do cordón umbilical?

Porque, ao fin, ben máis relevante que examinar os dereitos e liberdades que efectivamente se inclúen na Carta é analizar cais son os que se exclúen e, nesta nómina, entran os dereitos colectivos, os dereitos dos inmigrantes e a totalidade dos dereitos sociais, que non se recoñecen como tais dereitos senón como meros “princípios” que os Estados han de “observar” e que as persoas non poden reclamar ante os Tribunais. E isto apesar de o Tratado rebaxar notavelmente os estándares fixados nas propias normativas estatais: non hai dereito ao traballo, mais apenas dereito “a traballar” (Art. II-15) e a acceder a “servizos de colocación” (Art. II-29). Non hai dereito a unha vivenda digna ou máis en xeral, a unha existencia digna e asegurada con carácter universal mais, apenas, o dereito a unha “axuda social” e a unha “axuda en materia de vivenda”, “para combater a pobreza e a exclusión” que a Unión “recoñece e respeta”, iso si, “segundo as modalidades establecidas polo Dereito da Unión e polas lexislacións e prácticas nacionais (sic)” (Art. II-34.3).

Alcanzo e efectividade

A respecto do alcanzo e efectividade práctica destes dereitos hai que notar, en primeiro lugar, que estes dereitos e liberdades unicamente vinculan as institucións e organismos da UE e os Estados membros “cando aplicaren o Dereito da Unión” (Art. II-51.1). Esta precisión, suficiente para desbotar o carácter constitucional do Tratado, levanta a cuestión práctica de que se entende por “Dereito da Unión”: só a aplicación de normas comunitarias ou de normas estatais de transposición das mesmas? Ou, máis amplamente, a actuación dos Estados membros no cadro dalgunha das políticas da Unión como, por exemplo, “liberdade, seguraza e xustiza” ou a “política exterior e de seguraza comun”? Dito máis claramente, vai servir esta *Carta de Dereitos* para anular as normas internas que a partir do 11-S foron aprobadas en diferentes Estados europeos e que permiten detencións extra-xudiciais por tempo indefinido, o controllo indiscriminado de caisquer comunicacións, a retención policial de datos por tempo indefinido ou a cooperación con as autoridades policiais e militares dos EE.UU.?²

À luz do Art. III-262 do Tratado, que fai especial reserva das “responsabilidades que incumben os Estados membros canto ao mantimento da orde pública e a salvagarda da

² Lembremos que o pasado 7 de Outubro esa cooperación provocou a intervención dos servidores de Indymedia

seguraza interior” parece que non. Aínda que, por outro lado, é a propia Unión Europea a primeira que non se sente constringida por estes dereitos. Vexan-se senón as propostas contidas no Plano de Acción contra o Terrorismo aprobadas na Cimeira de Bruxelas dos días 25 e 26 de Marzo de 2004 (unha análise destas proposta pode ver-se en www.Statewatch.org).

Dereitos e principios

Polo demais, o propio Tratado diferencia entre dereitos –os de liberdade e, nomeadamente, os patrimoniais como a propiedade ou a liberdade de empresa–, que han ser respectados e poden ser reclamados xudicialmente, e meros principios –todos os de carácter social ou económico– que, non dando lugar a acción xudicial, deben ser simplemente “observados”. Por se o anterior non bastase, o Art. II-52.2 establece que “os dereitos recoñecidos pola presente Carta que se mencionan noutras partes da Constitución exercerán-se nas condicións e dentro dos límites marcados por elas”. É dicir, que no canto de condicionaren estes dereitos as políticas europeas e estatais en materia económica, social, de seguraza ou de xustiza, son precisamente estas políticas, tal e como o Tratado as define, as que condicionarán o alcance e a efectividade dos dereitos. Repare-se que, en materia de política social, as decisións deben adoptar-se por unanimidade de todos os Estados, algo virtualmente imposible nunha UE de 25 Estados.

E, para rematar, como recordatorio de que o Tratado non foi elaborado por unha asemblea constituinte elixida por todos os europeos e europeas, mais por unha convención de notábeis, o Art. II-52.7 establece que as “explicacións elaboradas [pola Convención, e contidas nos Anexos à mesma] para guiar na interpretación da *Carta de Dereitos Fundamentais*, serán tidas devidamente en conta polos órganos xurisdiccionais da Unión e dos Estados membros”. Previsión que, por inédita no Dereito Constitucional comparado, constitui quizais a maior novidade da Carta de Dereitos da UE. Outra cousa é a valoración que mereza.

En conclusión, unha Carta de Dereitos limitada no seu contido e no seu alcance e inútil, na práctica, para frear a deriva autoritaria que, con a excusa da luta contra o terrorismo, avanza na UE e na maioría dos seus Estados membros.

COOPERADORES NECESÁRIOS?

O papel dos xuíces na criminalización dos movementos sociais

Unha das características máis interesantes do actual proceso de revitalización e renovación dos movementos sociais consiste no aparecemento de accións que non se limitan a expor as súas reivindicacións mas que procuran unha mellor visibilidade e proxección mediática das luitas ignoradas pola axenda oficial. Os instrumentos habituais de acción política e social (manifestación e greve) ven-se complementados con reapropiacións lúdicas do espazo público (concertos, *raves*, *street-parades*) ou intervencións directas que moitas veces se sitúan nas marxes da legalidade (ocupacións temporarias de espazos privados ou públicos, perturbación de cerimoniais ou reunións, etc.). En cada unha destas iniciativas, os seus promotores asumen que se expoñen a sancións administrativas ou penais, mas este risco é contrabalanzado con a idea de que

están a defender unha causa xusta e con a súa propia atitude, decidida mas non-violenta. En todo o caso, os límites da acción dependerán das “tolerancias informais” do Estado: o exercicio da represión policial ou xudiciaria sobre os activistas vai depender de factores como a contestación social que as autoridades esperan ante as eventuais medidas de forza ou o custo mediático a pagar. Resulta evidente que o cálculo sobre estas “tolerancias informais” é un elemento chave en calquer conflito social.

Movimentos sociais criminalizados

Dun punto de vista administrativista ou penalista estrito, resulta evidente que se pode producir algun tipo de “falta” nestas accións. Normalmente serán “infraccións-bagatela”, de orde administrativa ou penal, relativas à orde pública (distúrbios, atentados à autoridade) ou o patrimonio (pintadas). Falamos de “criminalización dos movementos sociais” cando o Estado utiliza avesamente estas infraccións (que son consubstanciais aos conflitos sociais) con a vontade de asfixiar penal ou financeiramente aqueles militantes e organizacións mais combativas. O determinante non é, portanto, que certas accións sexan obxecto de persecución penal, senón a particular severidade da Xustiza respecto de algúns movementos cando é evidente que outros non son tratados con o mesmo rigor e gozan dunha impunidad case sistemática. Pode-nos servir de exemplo a recente sentenza (à cal faremos referencia mais abaixo) en que tres sindicalistas da CIG foron condenados como consecuencia dun altercado acontecido en Lugo durante a xornada de greve xeral do pasado día 20 de Xullo de 2002. Non consta que houvese procesos análogos contra outras organizacións sindicais apesar de ser evidente que actos deste tipo deberon repetir-se dúcias de veces nunha mobilización desa entidade.

Estratexia perigosa

Mas por detrás desta criminalización directa esconde-se unha estratexia ainda mais perigosa. O facto de que certas luitas ocasionen accións que poden ser cualificadas como faltas ou delitos é unha cousa; o facto de que calquer militante sexa considerado como un delincente en potencia ou como un terrorista virtual, é unha outra. Trátase dun salto de escala que abre a porta a unha represión muito mais dura. Às políticas securitarias implantadas globalmente após os atentados do 11-S une-se un interesado asedio mediático dirixido contra calquer forma de disidencia organizada. Neste contexto, que representantes políticos como Jaime Mayor Oreja ou Manuel Fraga Iribarne falen de “batasunización” da plataforma *Nunca Mais* non pode ser interpretado como un simples recurso retórico, mas como unha gravísima contaminación da opinión pública que serve como caldo de cultivo para futuras represións de intensidade descoñecida.

Todo o dito pode encadrar-se nunha estratexia global con avondosos exemplos na Unión Europea (lembramos os factos das cimeiras de Göteborg, Xénova, Barcelona ou Bruxelas e a represión sobre movementos sindicais como a francesa *Confédération Paysanne* con ocasión de protestos contra a OMC) e no último ano con preocupante incidencia no noso país, como ten denunciado o *Movemento polos Dereitos Civís* (<http://www.movemento.org>):

— Tres veciños do barrio compostelano do Eixo foron condenados a sete anos de prisión e € 156.000 de multa como consecuencia dun incidente con a Policía Nacional

producido no cadro dunha mobilización onde reivindicaban mais seguraza viária no seu bairro. A única base da condena foron as (contraditórias) declaracións de membros do corpo policial.

_ Tres sindicalistas da CIG foron condenados a varios anos de prisión e elevadas multas pecuniárias como consecuencia da súa presenza nun altercado acontecido en Lugo durante a xornada de greve do pasado 20 de Xullo de 2002; a sentenza aplica o tipo de atentado à autoridade cando nengun dos acusados agrediu nengun axente e a propia resolución reconece que as lesións que presentava un axente existían con anterioridade aos factos; aplica tamén un tipo delitual contra os dereitos dos traballadores cando non houvo coaccións contra a única traballadora involucrada nos factos.

_ Un activista de *Nunca Mais*, que participava nunha concentración en plena crise do Prestige foi condenado a un ano de prisión e multa por atentado contra a autoridade e lesións producidas a un policía, cando segundo diversas testemuñas o agredido foi o propio activista. Para o xuíz, os únicos depoimentos que mereceron credibilidade foron os achegados polo membro das forzas de seguraza do Estado.

_ Mozas e mozos de Santiago de Compostela son condenados a elevadas multas e arrestos polo simple facto de colaren cartaces ou faceren murais. Os traballadores son considerados culpáveis dos seus accidentes laborais, que en ocasións lles causan lesións irreversíbeis ou a morte. A fiscalía abre dilixencias informativas para calar as voces críticas que denuncian estes factos. Non se considera delito que unha empresa impida os seus traballadores presentaren-se por un determinado sindicato à eleccións. A interesada tipificación penal fávorece a impunidade e permite os xuíces declarar que “non todo ataque ao dereito fundamental à liberdade sindical consagrado constitucionalmente é necesariamente un delito”.

O Estado obtén destas novas políticas represivas tres tipos de benefícos : (a) a retórica anti-terrorista que veste a criminalización dos movementos sociais cultiva os medos individuais e colectivos e debilita os colectivos organizados, que ademais de perder militancia ven-se privados dunha simpatía e apoio social que é fundamental para a consecución dos seus obxectivos; (b) de ricochete, concede unha lexitimación renovada ao Estado, que pode despojar-se dos seus atributos sociais para se concentrar na misión de garantir a seguraza (física) da cidadanía; (c) por último, produce o efecto procurado de desanimar calquer iniciativa audaciosa e disuadir os movementos contestatários das súas reivindicacións.

Cooperador necesario

O Poder Xudiciário aparece como “cooperador necesario” das políticas securitárias. En todos os casos referidos é omitido o contexto conflitual dos factos xulgados, obviando as condicións históricas, sociais, políticas e económicas que están na base do conflito. Aliás, a dogmática positivista adoptada polas sentenzas, muitas veces raiana no automatismo legal, produz unha imaxe de neutralidade na aplicación da lei que descoñece o propio carácter de clase da norma xurídica. Destarte, o Poder Xudiciário posiciona-se como mais un elo dunha cadeia en que os tres poderes definidos por Montesquieu están postos ao servizo dun mesmo interese: a preservación da orde establecida. Neste sentido, resultan de indubitável interese as achegas realizadas por

diferentes xuristas brasileiros, con ocasión das ocupacións de terras realizadas polo MST e no sentido de postular unha interpretación alternativa do dereito, compatíbel con os “direitos insurgentes” ou “Dereito de Rua” (en definición de Boaventura de Souza dos Santos). Na mesma liña, o penalista brasileiro Zaffaroni esclarece que “O límite entre o político e o judicial non pode ser definido formalmente no Estado Moderno. A xustiza moderna non pode ser apolítica nesse sentido, e hoje mais do nunca deve-se reconhecer que o poder judiciário é governo. Neste passo podemos afirmar que a responsabilidade por tamanhas desigualdades sociais hoje existentes em nossa sociedade, na medida em que assume a opção pela manutenção do *status quo* interpretando o Direito segundo conceitos pré-industriais, também deve ser creditado ao Poder Judiciário.”

Ao asumir “a opção pela manutenção do *status quo*”, o Poder Xudiciário opta pola manutención dunha orde social conservadora, esquecendo o impacto social das súas decisións. Ao non cuestionar a lexitimidade das normas liberticidas, coloca-se nunha posición ancilar respecto dos outros poderes do Estado, facendo fraco favor à sua tan apregoada independencia

CÁRCERES ATEIGADOS

Desde que fora inaugurado no ano 1998, o centro penitenciário da Lama pasou de ter unha poboación reclusa relativamente reducida (400 persoas) a albergar un número de internos moi superior à sua capacidade: mais de 1500 nun espazo construído para 1000.

E o que é mais grave: se até o mes de Maio de 2003 o número de persoas reclusas era ainda comparativamente baixo (700), a chegada de remesas de presos trasladados doutros cárceres do estado duplicou en poucos meses o número de internos sen que os responsábeis tivesen previsto as medidas necesarias para paliar os efectos de un incremento tan acelerado e excesivo. Imprevisión institucional que repercute moi negativamente nas relacións humanas e agrava o desarraigo que padecen as persoas trasladadas de lugares distantes.

As duras normas que rexen os contactos con o mundo exterior, a obrigaçión de coexistiren ateigadas nun espazo reducido, as dificultades de integración con que deparan nun ambiente que lles é culturalmente alleo e a inactividade a que se ven forzadas, tornan insuportábel para estas persoas a vida no interior da prisión.

Internos sen dereitos

A maioría dos novos presos proceden de África ou América do Sul e foron trasladados desde Canárias, Andalucía ou Madrid onde teñen familia e amigos. Estando tan lonxe como agora están, para os seus é imposible atendé-los: non poden visitá-los nen facer-lles chegar por correo cousas necesarias para a vida en prisión porque no cárcere non é permitido recibir paquetes.

Problemas graves aos que aínda hai que acrescentar outra circunstancia que fai mais penosa a sua situación. A partir do cumprimento da primeira cuarta parte da condena, as persoas presas poden comezar a solicitar permisos de saída de dous ou tres días (na práctica, estes permisos só se conceden unha vez cumprida a metade). Pois ben, esta

norma xeral non se aplica às persoas estranxeiras internas na Lama basicamente por dúas razóns:

1. porque se pensa que as que están en situación administrativa irregular condenadas a máis de un ano de cárcere poderían aproveitar o permiso para fuxir (lembre-se que, segundo a lexislación vixente, estas persoas poden ser expulsadas do territorio español unha vez cumprida a condena)
2. porque, loxicamente, quen foi trasladado de unha prisión distante carece aquí de vínculos familiares e sociais no exterior (requisito necesario para a concesión de permisos).

Inactividade forzada

Por outra parte, apesar de a Lei Xeral Penitenciaria reconecer expresamente a todas as persoas presas o dereito ao traballo e a actividades formativas, e apesar de existiren en cada módulo edificios de dúas plantas destinadas a este fin, no cárcere da Lama hai nestes momentos 1.000 internos en inactividade forzada por, afirman os responsábeis do centro, falta do persoal necesario para facer-se cargo desa función.

Un problema xeneralizado

Mais non é o da Lama o único centro penitenciario superpovoado. A situación é igualmente grave no resto dos cárceres galegos.

CENTRO PENITENCIARIO	CAPACIDADE EN NÚMERO DE PERSOAS	PERSOAS INTERNAS
A Lama	1.008	1.594
Bonxe	300	424
Monterroso	350	513
Pereiro de Aguiar	200	475
Teixeiro	1.008	1.435
Totais	2.866	4.441

Destas 4.441 persoas, 1.009 son de relixión musulmana

(fonte: *El Correo Gallego*, 22.10.04)

TRIBUNAL DE ESTRASBURGO: O ASUNTO "TERRA LLIURE"

Mais unha vez achegamo-nos ao Tribunal de Estrasburgo de Dereitos Humanos (TEDH). Nesta ocasión, por varias razóns.

A primeira, comun e principal en todo caso: o Tribunal é a instancia final que mostra o alcance do dereito ou liberdade pública, consagrados no Convénio, que se debate. Alcance que se mede polas obrigas que impón ao Estado para as garantir ao cidadán de xeito real e efectivo. Os pronunciamentos do Tribunal veñen ser unha fonte cualificada

de coñecimento dos nosos dereitos fronte aos que os violan e fronte ao Estado que non no-los restituí.

A segunda, mais particular, por tratar-se dun caso de condena ao Estado español.

A terceira e derradeira, pola súa oportunidade: o contexto actual de torturas (guerra e terrorismo) e o feito de EsCULcA ter emprendido con outras asociacións os traballos dunha campaña para conseguir que o Estado asine e ratifique o *Protocolo Facultativo da Convención contra a Tortura*.

A densa e longa sentenza que relatamos é tan recente, de 2 de Novembro de 2004, que aínda non conta con tradución española oficial. O caso coñece-se no Estado Español como asunto "Terra Lliure" (Martínez Sala e outros *versus* España).

Os feitos

Os feitos que foron levados a axuizamento do Tribunal aconteceron no verao de 1992, pouco antes de comezaren os Xogos Olímpicos de Barcelona.

David Martínez Sala e outros catorce independentistas residentes en Cataluña, sospeitosos de pertenceren a "Terra Lliure", foron detidos pola Guarda Civil nunha investigación de delitos terroristas e trasladados a Madrid. Finalmente, a maior parte deles serían condenados por delitos de pertenza ou colaboración con banda armada. Durante os dilatados e complexos procedementos xudiciais que defrontaron no ámbito interno (Xulgado de Instrución, Audiencia Provincial, Audiencia Nacional e Tribunal Constitucional) repetiron unha e outra vez a queixa de teren padecido maus tratos no período da detención policial. Os maus tratos alegados van de golpes na caluga e na cara, privazón de sono e alimentazón, vendas nos ollos e bolsas de plástico na cabeza (para produciren sensazón de asfíxia). Nengun daqueles órganos atendeu as súas queixas ou denuncias. Finalmente, por iso mesmo, denunciaron perante o TEDH a violación do Art. 3 do Convénio Europeu de Dereitos Humanos (CEDH), que di:

Art. 3. Prohibición da tortura.

Ninguén poderá ser submetido a tortura nen a penas ou tratamentos desumanos ou degradantes.

O TEDH, respondendo às alegacións dos recorrentes, vai-nos mostrar algúns dos extremos a que chega o dereito descrito neste curto artigo.

Alegacións dos recorrentes

Os recorrentes alegan que o dereito consagrado no artigo transcrito foi dobremente infrinxido polos tribunais españois: dunha parte, por estes tribunais non teren acollido como certo e probado que padeceron maus tratos, doutra, por as autoridades españolas non teren investigado suficientemente para comprobar se realmente os padeceron. O TEDH responde agora às dúas cuestións, como a seguir relatamos sumariamente fixando-nos nas afirmacións que esclarecen até onde se estende o dereito a non padecer tortura ou trato desumano ou degradante.

Direito absoluto e inderrogável

Xa de entrada, e como punto de partida nítido e asentado, o TEDH fai unha declaración básica e contundente, con unha inflexibilidade que parece a apropiada para un dogma:

O Art. 3, o Tribunal ten-no dito en varios casos, consagra un dos valores fundamentais das sociedades democráticas. Mesmo nas circunstancias mais difíceis, tais como a luta contra o terrorismo e o crime organizado, o Convénio proíbe en termos absolutos a tortura e as penas ou tratamentos desumanos ou degradantes. O Art. 3 non prevé restricións, no que contrasta con a maioría das cláusulas normativas do Convénio e dos Protocolos, e segundo o Art. 15 (do propio Convénio) non é susceptível de derogación algunha, nen sequer en caso de perigo público que ameazase a vida da nación (sentenzas Selmounie e Assenov). A prohibición da tortura ou de penas ou tratamentos desumanos e degradantes é absoluta, sexan cais foren as tropelias reprochadas à vítima (sentenza Chacal).

Alegación de maus tratos

Nesta parte a sentenza ven dicer-nos canto se requer à suposta vítima para poder se daren por demostradas as sevicias que alega. Falamos da demostración ou prova da tortura. Obviamente, é o momento procesualmente mais delicado, atendendo a que a vítima está isolada, reclusa con os hipotéticos torturadores e baixo o seu controllo.

As alegacións de maus tratos deben apuntalar-se diante da Corte mediante provas apropiadas. Para establecer os feitos alegados (maus tratos), a Corte vale-se do critério da prova alén de calquer dúbida razoável. Ora ben, ese tipo de prova pode resultar dun feixe de indícios, ou de presuncións non refutadas, suficientemente graves, precisas e concordantes.

Alén de calquer dúbida razoável quer dicer que a prova, presunción ou conxunto de indícios ten tal entidade que faria irrazoável duvidar (por parte dun xulgado ou tribunal) da realidade dos feitos, neste caso de maus tratos ou tortura.

Vindo ao caso dos recorrentes. A Corte constata que as únicas provas que aparecen no expediente son os relatórios dos médicos forenses que examinaron as supostas vítimas durante o período de detención. Verifica tamén que nestes relatórios non hai constancia de marcas realmente significativas de maus tratos (a non ser, segundo o caso, algun leve hematoma, algunha erosión, algunha pequena inflamazón labial, algun sinal dos grilletes). Non se explicita porén a causa deses males nen se afirma que pudesen ter sido causados por maus tratos (algun dos detidos viña padecendo conxuntivite, outro caíra dunha moto antes de ser detido...). Por outra parte, hai tamén relatórios que certifican estados de saúde perfeitos.

Estes documentos non axudan portanto a deitar luz sobre o acontecido realmente. Non levan a Corte a un resultado certo que supere calquer dúbida razoável. En consecuencia, no relativo à denuncia de teren padecido torturas ou maus tratos as persoas detidas, o TEDH non pode fallar que houvo efectivamente violación do Convénio.

Ora ben, fica nese limiar a protección contra a tortura segundo o Art. 3 do Convénio e do propio Tribunal? De maneira nengunha. Como de seguida expón, ao analizar a segunda alegación, o TEDH vai mais alá.

Investigación a fondo e efectiva

A Corte considera que cando un individuo afirma de maneira defendíbel ter sufrido, a mans da policía ou doutros corpos comparáveis do Estado, graves sevicias contrárias ao Art. 3, esta disposición, combinada con o deber xeral imposto ao Estado polo art. 1 do Convénio de “recoñecer a toda persoa dependente da súa xurisdicción, os dereitos e liberdades definidos no Convénio”, impón, por implicación, que haxa unha investigación oficial efectiva.

En concreto,

... esta investigación (...) deve ser tal que poda levar à identificación e castigo dos responsáveis(...). De non se levar a cabo deste xeito, apesar da súa fundamental importancia, a prohibición legal xeral da tortura e de penas ou tratamentos desumanos ou degradantes resultaría na práctica ineficaz; e en certos casos resultaría posíbel aos axentes do Estado pisotear, disfrutando dunha quase-impunidade, os dereitos das persoas submetidas ao seu control.

E xa vindo ao caso fai as avaliacións que seguen.

A Corte constata que toda a investigación se reduciu a pedir ao forense que examinou os reclusos durante a situación de detención un relatório detallado que precisase onde e como foran realizados os exames médicos, se os denunciante se queixaran após as visitas médicas e se foran constatados eventuais signos de maus tratos. E constata igualmente que os órganos da xurisdición española chamados a coñecer as queixas dos denunciante samente tiveron en conta esa base (os relatórios) como prova para concluir que non houera maus tratos.

Doutra parte, o TEDH rechaza o argumento xudicial que apelava às dificultades para identificar os presuntos autores dos maus tratos (cando os denunciante facían referencia aos membros das forzas de seguranza que os trasladaron a Madrid e aos que practicaron os interrogatórios) e critica seriamente que non se incluísen, nalgun momento, a transcripción dos interrogatórios e declaracións daqueles axentes.

A conclusión é a seguinte: "A Corte non está convencida de que as investigacións levadas a cabo teñan sido tan suficientemente fondas e efectivas como para cumpriren as esixencias do artigo 3 do Convénio". Perpetrou-se portanto unha violación do mesmo polo que condena o Estado español a pagar a cada un dos demandante 8.000 euros por dano morale e outros 12.000 para costas e gastos.

Asi pois, o Estado (en concreto os órganos xudiciais, Xulgados e Tribunais), neste caso non cumpriu as esixencias, obrigas e garantías que lle impón o Art. 3 do Convénio, para a protección contra a tortura

PROCESO À ESQUERDA ABERTZALE

Segundo todos os indícios, será a principios do próximo ano 2005 que comezarán a celebrar-se os xuízos pola ilegalización, colaboración con banda armada e terrorismo, conforme os casos, de persoas, asociación, empresas, editoras da esquerda abertzale.

Sobre este asunto, a *Asociación Vasca de Abogados ESKUBIDEAK* e o *Observatorio Vasco de Derechos Humanos*, elaboraron conxuntamente un extenso relatório onde analisan en pormenor as actuacións do xuíz titular do Xulgado Central de Instrucción nº 5 da Audiencia Nacional (XCI nº5), Baltasar Garzón, en relación con o que se coñece como Sumario 18/98, denominación que os mesmos autores nos adverten ser inexacta pois con ela non se designa un único procedemento penal senón un conxunto de dilixencias xudiciais que conforman varios sumarios (EGIN, HAIKA, Gestoras Pro Amnistía, Batasuna, Egunkaria e Udaltzita) e outras pezas e dilixencias.

Ora ben, aínda que formalmente independentes -esclarecen- estes procedementos comparten uns mesmos sinais de identidade e responden a un mesmo plantexamento, o que nos permite considerá-los como un todo, un macrosumario unificado polos seguintes criterios:

- a) identidade da liña argumental, cuxo núcleo reside na unánime consideración de pertenceren a ETA todas as persoas imputadas e as organizacións, asociacións e partidos intervidos;
- b) tipoloxía das persoas a quen se atribuí a autoría dos delitos imputados, pertencentes todas elas a organizacións políticas ou organismos populares de ideoloxía nacionalista;
- c) identidade no xuíz e/ou no xulgado que asume os procedementos (Baltasar Garzón e o Xulgado Central de Instrucción nº 5 da Audiencia Nacional), asunción que responde a unha evidente vontade política pois tanto a administración como a propia audiencia interveñen tomando todas as medidas necesarias para que isto sexa así. O caso de *Egunkaria*, impulsado polo xuíz Juan del Olmo do Xulgado de Instrucción nº 6, será a única excepción;
- d) identidade nos elementos probatorios, baseados non en feitos claramente delitivos cuxa autoría permanecía descoñecida, senon na chamada prova pericial de intelixencia, que consiste en reinterpretar documentos que en moitos casos eran xa públicos.

Pluralidade de sumarios

Mais, se isto é así, cabe perguntar-se por qué non se unifican todos estes procedementos nun único sumario, a que se debe esta pluralidade que parece vir complicar actuacións xa por si bastante complexas.

“Esta pluralidade de sumarios”, responde-se no relatório, non é en absoluto inocente senon que debe “ser entendida pola vontade do xuíz instrutor Baltasar Garzón de evitar –por meio das normas de adxudicación de casos- que os recursos en contra das súas actuacións fosen elevados à Sección 4ª da Sala do Penal da Audiencia Nacional, xa que

esta viña rexeitando reiteradamente a súa liña argumental principal e estimando parcialmente algúns dos recursos apresentados polas defensas destes organismos, empresas, grupos e persoas.”

O obxectivo do xuíz instructor sería portanto conseguir, mediante o recurso a medidas administrativas de aparencia inócua como a fragmentación das dilixencias en diferentes sumários e pezas, pór fora do alcance dos maxistrados críticos as súas polémicas actuacións contra organizacións e persoas do ámbito da esquerda *abertzale*, ardil legal que os autores do relatório califican como flagrante “fraude de lei”.

Discrepancias na Audiencia Nacional

As discrepancias de criterios entre o xuíz instructor e os maxistrados da Sección 4ª da Sala do Penal da Audiencia Nacional puxeron-se de manifesto xa na instrución do Sumario EGIN e EGIN IRRATIA (o 18/98 propiamente dito). Partindo da suposta “integración” destas empresas en ETA, o titular do XCI nº 5 afirma que calquer membro dos respectivos consellos de administración incorre en “delito de terrorismo” e, en consonancia con esta liña argumental, o 15 de Xullo de 1998 dita a clausura da empresa editora dos dous medios (ORAIN, S.A.) en base a unha interpretación do Art. 129 do Código Penal que os advogados da defensa consideran fraudulenta.³

Pois ben, a Sección 4ª da Sala do Penal da Audiencia Nacional, na súa Resolución de 11.01.99, respalda esa opinión da defensa e reconece o inapropiado das medidas cautelares e de aseguramento adoptadas contra EGIN polo xuíz instructor, confirmando posteriormente (Auto de 04.07.01) ese respaldo ao declarar que “carece de todo fundamento racional inferir do feito de pertencer ao consello de Administración da mercantil ORAIN, S.A. a comisión de un delito de integración na organización terrorista ETA.”

Mais non foi esta a única ocasión en que a Sección 4ª da Sala do Penal da Audiencia Nacional e o xuíz Baltasar Garzón puxeron de manifesto as súas discrepancias.

O 13 de Xuño de 2001, o xornalista de orixe galega Pepe Rei, Director da revista *Ardi Beltza*, recuperou a liberdade depois de pasar cinco meses de prisión onde ingresara acusado de un delito de colaboración con banda armada. No auto de prisión, o xuíz do XCI nº 5, acusava-o de pór “ao servizo da organización terrorista ETA-KAS-EKIN ou de grupos sob a súa disciplina, os medios de que dispón a revista *Ardi Beltza* para facilitar a selección de obxectivos”. No entanto, a Sección 4ª da Audiencia Nacional admitiu os recursos apresentados pola defensa do xornalista e revocou este auto por entender que nas reportaxes de *Ardi Beltza* “non se encontrara unha provocación para cometer delito de terrorismo”, salientando así mesmo que “o sinalamento non é unha entidade xurídica-penal” e “por si só non é penalmente relevante”.

Tamén no caso do auto de prisión ditado contra vinte supostos militantes da organización EKIN, a Sección 4ª do Penal da Audiencia Nacional criticou e censurou os argumentos de Baltasar Garzón, precisando, en referencia à suposta vinculación ETA-

³ Na súa sentenza de 16/12/89, o Tribunal Constitucional afirmara xa que “unha restrición tan radical da liberdade de expresión e o dereito à información non se pode adoptar con fins preventivos ou de aseguramento no curso de unha instrución”.

EKIN, que a constatación da subordinación desta última à organización armada en que se fundamenta o Auto de prisión, “resulta indispensable para que sexa posíbel recoñecer relevancia penal aos feitos incriminados, a cal, en modo algun, pode dar-se simplemente por suposta, senon que haverá de ser establecida de un modo preciso e concludente”. Decisión esta da Sección 4ª que foi iradamente criticada polo portavoz do Goberno, polo propio Garzón e por varios medios de comunicación. E que, de resto, non foi obstáculo para que o titular do XCI nº 5 declarara ese mesmo día a ilicitude da organización EKIN.

Como igualmente non foi obstáculo para a suspensión das actividades da Asociación Europea XAKI (o 13.03.01), o Auto da Sección 4ª de 29 de Febreiro de 2001 onde se afirma os fins desta Asociación non presentaren “nengunha aparencia de ilicitude” e tratar-se de “unha asociación que actua publicamente e que está legalmente constituída”.

Prestar asistencia legal ou sanitaria aos deportados no estranxeiro, realizar actuacións para evitar que prosperen as peticións de extradición, criticar o sistema legal español, promover o recoñecemento internacional do dereito de autodeterminación e, inclusive, difundir dentro e fora de España a denominada Alternativa Democrática de Euskal Herria, son condutas que, por si, carecen de significación delitiva, independentemente de que se realicen por unha persoa individual ou, conxuntamente, por varias persoas asociadas a tal fin, concluíse no Auto, en evidente oposición às actuacións do xuíz instructor.

Como ben cabía esperar, esta situación acabou orixinando un conflito grave na estrutura mesma da Audiencia Nacional. Conflito que finalmente se resolveu, despois de unha intensa campaña mediática de desprestixio, con a suspensión das súas funcións e a perda de destino dos tres maxistrados da Sección 4ª . Unha decisión do Consello Xeral do Poder Xudicial que non tiña precedentes no estado español (nunca fora aplicada unha medida deste tipo a un tribunal completo), moi criticada por importantes sectores da xudicatura que a entenderon como manifestación evidente de presión política.

Interpretación expansiva

A partir dese momento xa nada pudo impedir a consolidación da liña argumental básica en que alicerza a instrución destes sumários.

Coerentemente con a súa teoría de todo o movemento independentista vasco ser parte complementaria de ETA, apesar da comprobada inexistencia de armas ou explosivos, de vítimas individualizadas, de accións de sabotaxe contra propiedade ou de conexións con grupos armados, o xuíz do XCI nº 5 impón a interpretación expansiva do delito de colaboración con banda armada, incluíndo nas actuacións e axuízando actividades políticas ou sociais até ese momento consideradas legais (ou polo menos toleradas) e tipificando como “terrorismo” feitos antes considerados penalmente irrelevantes por canto eran entendidos como propios da crítica política do combate de ideais.

Segundo a interpretación xeralmente admitida do Código Penal e do concepto de terrorismo, as actividades destas organizacións eran completamente legais. No entanto, através dos novos lentes, os lentes manufacturados con a liña argumental do xuíz Garzón, o que anteriormente era legal, agora non o é. Tan

simples como grave (...).O que de feito se produciu foi un simples desllocamento do limiar da legalidade sen a pertinente reforma lexislativa.

A forma en que isto se fai na práctica é ben sinxela: escolle-se unha organización ou grupo segundo criterios de oportunidade política e encomenda-se à Unidade Central de Intelixencia (UCI) a recollida de datos sobre o seu funcionamento (o que resulta mui fácil por tratar-se de organizacións que traballan legalmente). A seguir, interveñen-se todas as comunicacións telefónicas, controlan-se as reunións en que participan os seus membros e recolle-se toda a documentación posíbel. Despois esta documentación é traducida (às mais das veces de maneira deficiente e parcial) para ser re-intepretada en chave de “actividade terrorista”.

Mal traducidos, descontextualizados, interpretados en función de unha conclusión previamente determinada, estes documentos incautados converten-se en “evidéncias racionais de criminalidade sobre as que se imputarán os delitos correspondentes”, denuncian os autores do documento de Behatokia e Eskubideak.

En definitivo, Garzón inverte o proceso lóxico da obtención da prova: primeiro fixa un obxectivo, unha conclusión a que pretende chegar, despois, por meio de relatórios policiais (unha réstia de conxecturas, hipóteses, sospeitas, especulacións...), construí a prova que precisa para sustentar esa argumentación.

Efeitos inmediatos

Os efectos inmediatos de estas actuacións xudiciais poden ser valorados de diferentes perspectivas. No capítulo dos danos cuantificábeis, causados a persoas e grupos particulares, havemos de incluír:

1. o elevado número de persoas afectadas directamente: 203 procesadas, 125 detidas, 102 que ingresaron en prisión preventiva por períodos que van de varios días a 18 meses. A estas persoas é prohibido abandonar o Estado Español e deven comparecer periodicamente a asinar *apud acta* en xulgados e comisarias. As fianzas interpostas para accederen à liberdade provisória elevan-se a millóns de euros.
2. o desmantelamento de parte importante do tecido asociativo da sociedade vasca: asociacións de dereitos humanos (Gestoras pro-Amnistia, Asociación Europea Xaki, Askatasuna), organizacións xuvenis (HAIKA e SEGI), sociais (Udalbiltza), políticas (Batasuna, EKIN).
3. a clausura de catro medios de comunicación : EGIN, EGIN Irratia, *Ardi Beltza*, *Egunkaria* e a ruína das respectivas empresas editoras,
4. o rexisto de locais e o seu precintado (entre eles bufetes de advogados), a intervención de materiais de traballo, documentos, material informático, etc.
5. a suspensión das suas funcións e a perda de destino dos tres maxistrados da Sección 4ª da Sala do Penal da Audiencia Nacional.

É verdade que nalguns casos, excepcionalmente, se produciu unha rectificación parcial do atropelo. O 24 de Novembro de 2004, o Tribunal Supremo –que xa archivara no seu

dia (23.07.02) a querela apresentada polo ministerio fiscal contra os tres maxistrados que puxeron reparos a estes procedementos- anulou as polémicas sancións que lles impuxera o Consello do Poder Xudicial. Considera este Tribunal que o máximo órgano de goberno dos xuíces se excedeu no seu labor disciplinario e se inmiscuiu en decisións xurisdiccionais.

Mais mesmo así, e apesar da medida excepcional, o mal é dificilmente reparábel: a discrepancia foi silenciada durante o período decisivo dos procesos de instrución, os maxistrados padeceron unha campaña de desprestixio público e os seus destinos na Audiencia Nacional están agora ocupados por outras persoas.

Ora, con seren tan graves, non son estes provabelmente os danos máis importantes da acción xudicial. Os sistemas especiais de instrución, a suspensión de maxistrados discrepantes, a detención incomunicada, o recurso sistemático à prisión preventiva, o internamento das persoas procesadas en cárceres distantes do contorno familiar, estruman o terreno para a vulneración de dereitos, erosionan as formas de convivencia democrática e minan os alicerces do estado de dereito.

IDEAS E LIBERDADES

HISTÓRIA DOS DIREITOS HUMANOS (II)

Os primeiros fillos dun matrimonio de conveniencia

Os primeiros dereitos naturais naceron, con efecto, do matrimonio entre as *middle classes* e os ideais concordantes con a cosmovisión e os intereses destes grupos sociais. Matrimonio por interese máis que por amor, por tanto eses ideais eran o instrumento necesario para facer realidade as súas aspiracións políticas, sociais e económicas mediante a atracción cara ese proxecto de mundo mellor doutros sectores da sociedade, imprescindibles para arremeter todos xuntos contra a cidadela do poder absoluto e do predomínio da alta nobreza e da Igrexa, derrubá-la e construír sobre o seu solar un sistema beneficioso para os promotores da revolución.

Tal aconteceu na Inglaterra do século XVII entre a primeira revolución (1641-1649) e a segunda e última até agora nese país (1688-1689), parteira da primeira monarquía parlamentaria relativamente representativa, máis aínda non plenamente liberal. Tal acontecerá tamén no último cuarto do século XVIII, se ben con características algo diferentes, na loita das trece colónias británicas de Norteamérica por liberar-se da metrópole e na conseguinte construción dos Estados Unidos. Non obstante, nengun destes dous movementos precursores segregará unha teoría dos dereitos humanos de alcance universal, senón que proclamará eses dereitos unicamente para os habitantes do reino, no caso inglés, e mesmo en exclusiva para unha parte dos habitantes dos territorios emancipados, no caso norteamericano. Estamos, xa que logo, perante un primeiro paso, que é moi incompleto, e non só pola extensión dos suxeitos afectados senón tamén polos dereitos reivindicados e sobretudo pola aplicación efectiva deses dereitos.

Isto non é óbice para que algúns se anticipen ao futuro con formulacións de alcance algo maior. O baleiro de poder e de control que producen as revolucións nos seus primeiros momentos propicia que se manifesten libremente as aspiracións de todos os

grupos sociais e non só as de aqueles que provocaron a mudanza e a dirixen. E así, na primeira revolución inglesa, predominaban os postulados relativamente moderados do seu estado maior (Cromwell, Ireton), que pretendia transferir a soberanía do Rei ao Parlamento para garantir a proeminencia da baixa nobreza rural (*gentry*) e da burguesía comercial na administración do poder, mais preservando as desigualdades políticas e sociais que manterían submetidos e baixo control os sectores inferiores das clases medias e os traballadores rurais e urbanos. Mais, como era inevitável, os grupos sociais real ou potencialmente discriminados tiñan outras ideas verbo do que debería ser o resultado desa luta contra o monarca absoluto. Ideas que se manifestaron, por exemplo, através dos pronunciamentos de dirixentes e ideólogos dos *Levellers* (Niveladores), como Lillburne, Overton ou Harrington, que levaron o mito do “inglés nado libre” até as súas últimas consecuencias, reclamando unha liberdade e unha igualdade políticas totais para todos, único medio de que os pequenos propietarios, comerciantes e artesáns pudesen defender-se fronte aos de arriba. Máis radical aínda era a postura dos *Diggers* (Cavadores) que, como Winstanely, non se conformaban con ese sufraxio universal (masculino) e pedían ademais acabar con a propiedade privada da terra para que todos os fillos de Deus pudesen beneficiar por igual dos seus frutos, produto do traballo de todos.

A primeira nómina

Naturalmente, estas primeiras formulacións dos dereitos à igualdade política e à igualdade sócio-económica resultaron demasiado precoces e foron varridas do escenario pola propia dinámica desa primeira revolución e da contra-revolución posterior. Haverá que agardar à *Glorious Revolution* de 1688-1689 para que se consolide a monarquía parlamentaria e con ela a primeira nómina de dereitos individuais realmente efectiva, nómina que ficará inscrita na teorización a posteriori que desa revolución fará John Locke nos seus *Two Treatises on Government* de 1690. Como pasará sempre no futuro, tal nómina era congruente con os obxectivos e con as limitacións da transformación que a fixo nacer.

E dado que, neste caso, o sistema político resultante foi un compromiso histórico entre as vellas e as novas clases posuidoras para repartiren o poder e dar vía libre às relacións económicas emerxentes, os dereitos recoñecidos foron à liberdade (especialmente à económica), à propiedade (privada) e à seguranza xurídica. Nen palabra da igualdade, de calquer igualdade. En teoría, eses dereitos eran os mesmos para todos os ingleses. Na práctica só eran realmente efectivos para a minoría que constituía, en expresión de Locke, o *Political Body* do país, isto é, o conxunto de individuos e familias con plenitude de dereitos tanto civís como políticos. A extrema dureza do sistema penal británico e a súa administración impudicamente clasista durante todo o século XVIII e boa parte do XIX demostran que, nisto como en todo, unha cousa é predicar e outra dar trigo. E por suposto nada disto se considerava aplicábel fora do ámbito dos cidadáns británicos, como sabían moi ben os numerosos povos submetidos do Império. En todo caso, o principio estaba proclamado e parcialmente realizado. E isto, nun mundo como aquel, foi un espello no que se ollaron todos os que querían acabar con a pesada opresión dos reximes baseados no privilexio e no poder omnímodo dunhas monarquías sen control. De aquí a poderosa influencia do excepcional exemplo británico sobre o pensamento ilustrado europeo do XVIII, dentro do cal, desde Rousseau a Kant pasando por Voltaire ou Diderot, aparecerán as primeiras concepcións realmente universalistas do ser humano e con elas as bases duns dereitos “naturais” iguais para todos.

Discípulos avantaxados

Mais non todo foron influéncias ideolóxicas. Aos británicos metropolitanos saíron-lles uns avantaxados discípulos nas súas colónias de Norte-América. A natureza social do conglomerado que protagonizou esa luita de emancipación e, sobretudo, a da súa dirección era semellante de avondo à das inglesas do século anterior, mais con tres diferenzas maiores: agora non había nobreza nen xerarquia eclesiástica con que pactuar, o inimigo era un poder tornado de súpeto en “alleo” e os habitantes do territorio estaban profundamente divididos do punto de vista étnico. O resultado, para o que aquí nos ocupa, foi un reinado dos dereitos individuais tan limitado como o inglés na súa composición e muitísimo máis discriminatório na súa aplicación, pois às diferenzas de administración práctica no social para os cristiáns brancos, engadiu-se unha negación legal e radical de calquer dereito às etnias de orixe non europeu, destinadas unhas (as ameríndias) ao extermínio e outra (a afro-americana) a continuar na vergoñosa situación de escravitude. É difícil atopar unha maior contradición entre o que se proclamava bon e xusto para uns e o que se declarava conveniente para os demais. Resulta óbvio, xa que logo, que no mal chamado berce da democracia moderna se fixo nun principio un uso meramente instrumental do iusnaturalismo para xustificar a independencia e para organizar a convivencia da etnia dominante. Tan óbvio como que a idea nuclear de que todos os seres humanos son iguais en dereitos resultava para os fundadores dos Estados Unidos tan “anti-natural” e nociva como o fora para Aristóteles dous milénios atrás.

Por iso, para asistir ao nacemento da realidade histórica do principio dos dereitos humanos temos que agardar uns anos máis, xusto os que median entre a revolución norteamericana e os primeiros pasos da revolución francesa.

NOTÍCIAS

DENUNCIADO O REGULAMENTO DA LEI PENAL DO MENOR

O pasado día 29 de Outubro, mais de cen organizacións sociais presentaron no rexisto do Tribunal Supremo un recurso contencioso-administrativo contra o Regulamento que desenvolve a Lei de Responsabilidade Penal do menor, publicado o 30 de Agosto e que entrará en vigor en Marzo do próximo ano.

As asociacións, que consideran que o regulamento vulnera principios constitucionais, pretenden que se elabore un novo texto, respeitoso con os dereitos dos menores e os tratados internacionais. Insisten na ausencia de medidas educadoras e na dureza das medidas disciplinarias, entre as que destacan a posibilidade de manter isolado un menor durante 22 horas diárias, de facer uso de defensas de goma ou de permitir a entrada de axentes de seguranza nos centros de internamento.

Este Regulamento, afirman, “é cópia do regulamento do rexime penitenciario e nalguns casos aínda é máis duro”. “Como podemos tratar un menor con máis dureza que a un adulto?” preguntan-se.

PAÍSES SEGUROS?

Ao tempo que dava a coñecer algúns documentos secretos da Comisión Europea, *Statewatch* denunciava o pasado 27 de Setembro a frivolidade, “falta de todo sentido moral e humano”, con que se comportan os responsábeis da UE encargados de estudar o catálogo de “países de orixe seguros” cuxos nacionais non terán dereito a asilo nos estados da Unión Europea. O establecemento deste catálogo forma parte dos traballos preparatorios da Directiva que regulará a concesión de asilo nos próximos anos e que deberá ser aprobada en Decembro polos 25 estados membros.

Para poderen opinar sobre a situación destes países no que à situación das garantías democráticas e dereitos humanos di respeito, os 25 estados membros receberam relatórios elaborados polo Departamento de Estado dos EE.UU. e, ocasionalmente, por Amnistía Internacional. Varios estados manifestaron ter constatado nesta documentación violacións de dereitos fundamentais nalgúns dos países que se propoñen para facer parte da lista de “países seguros”, mais mesmo así aconsellaron a súa inclusión. Outros lamentaron o pouco tempo e a escasa información de que dispuxeron para poder emitir unha opinión fundada. Entretanto, Franca, Alemaña, Italia, España e Gran Bretaña -o curioso G5- interesados en dispor cantos antes deste catálogo comun, comezaron de inmediato a presionar os estados máis débeis para conseguir a necesaria unanimidade.

Dos dez países africanos propostos pola Presidencia da UE, a Comisión opón-se à inclusión de sete: Benin, Botswana, Cabo Verde, Gana, Mali, Mauricio e Senegal. Suecia e Finlandia queren excluir catro. Alemaña e Estonia conforman-se con suprimir apenas tres.

Frivolidade irresponsábel

O principio de “país de orixe seguro” conculca as obrigacións dos estados membros da UE en materia de dereitos humanos. Por unha parte os estados membros mostran séria preocupación a respecto da situación dos dereitos humanos nalgúns dos países da relación proposta. Pola outra declaran eses países seguros porque os sistemas legais prevén teoricamente medidas contra eses abusos.

En opinión da propia UE sete estados africanos incluídos na lista non poden ser considerados “seguros” e no entanto o feito de estaren aí vai ser usado no futuro para considerar “infundadas” todas as eventuais solicitudes de asilo dos seus nacionais. O verdadeiramente “infundado” é este tipo de actuación.

*Na nosa análise pode ver-se cal é o procedemento de tomadas de decisión na UE: pouco tempo, pouca información e nulo debate público. E os preocupantes resultados desta forma de actuar. Decidir o destino das persoas que escapan da miseria e a persecución baseando-se nun proceso tan frívolo é un insulto para o sentido da responsabilidade moral e humana, non digamos das obrigacións legais. A lista debe ser deitada inmediatamente no lixo.”, comenta Tony Bunyan, director de *Statewatch*.*

A análise completa de Statewatch así como os documentos secretos que esta organización fixo públicos poden ver-se en www.statewatch.org : “EU divided over list of “safe countries of origin –the list should be scrapped. Secret documents reveal a shallow process without any sense of morality or humanity”.

INDYMEDIA

O pasado 7 de Outubro o FBI dirixi-se à sucursal londrina da empresa estado-unidense Rackspace para, en execución dunha medida cautelar ditada por un tribunal norteamericano, ordenar-lle desligar e entregar os servidores web de Indymedia. Joe Parris, portavoz do FBI, declarou que non se tratava dunha operación do FBI senón que, através do Tratado de Asistencia Mútua entre os Estados Unidos e o Reino Unido, a orde fora ditada a requerimento das autoridades suizas e italianas. Ao día seguinte, Rackspace fixo público un comunicado no que sinalava que respondera a unha medida cautelar ditada ao amparo dun Tratado Internacional de Cooperación Mútua en matéria de luta contra o terrorismo internacional e da lexislación dos EE.UU. Indymedia, pola súa parte, manifestou que antes da intervención foran requeridos polo FBI para retiraren unha información relativa à policía secreta suiza. Descoñece-se cal é o fundamento do requerimento italiano, mais o goberno Berlusconi hostilizou Indymedia e outras redes de información alternativas pola cobertura dada aos sucesos de Xénova no verán de 2001. Como consecuencia desta intervención, resultaron afectados vinte servidores de Indymedia, entre eles Indymedia-Galiza.

Este grave atentado contra a liberdade de información e a privacidade dos utentes de Internet pón de manifesto, outra volta, que as políticas europeas en matéria de seguranza e protección de datos non diferencian substancialmente das aplicadas nos Estados Unidos desde o 11-S. Esta situación non só non vai mudar con o Tratado Constitucional da UE senón que este mesmo ofrece as bases legais para a posta en marcha de medidas que, xustificadas na luta contra o terrorismo, suporán unha grave erosión dos dereitos e liberdades dos cidadáns e cidadás de Europa.

AGRESIÓNS EN MONTERROSO

A Fiscalía da Audiencia Provincial de Lugo, solicita penas de cinco anos de prisión e dez de inhabilitación absoluta para Mario Luís Martínez Martínez, José Ramón Hidalgo Fernández e Joaquín Escudero Álvarez, funcionarios todos eles no Centro Penitenciario de Lugo, acusados de un delito de torturas contra o interno Magdare Rabay.

Os feitos

Os feitos en que se fundamenta a acusación do fiscal contra estes funcionarios tiveron lugar o 18 de Febreiro de 2003 no Centro Penitenciario de Monterroso, cando o interno Magdare Rabay solicitou a Mario Luís Martínez, xefe dos servizos médicos do centro, lle fose modificada a medicación que tiña pautada. Perante a negativa do facultativo, Magdare Rabay ameazou con autolesionarse exhibindo unha folla de uns catro centímetros de lonxitude.

A requerimento do funcionario encargado de levar os internos a consulta, Magdare Rabay acedeu a entregar a folla e foi conducido ao exterior da sala. Ali recolleron-no José Ramón Hidalgo Fernández e Joaquín Escudero Álvarez, ambos acusados agora pola fiscalia, que o introduciron na sala de curas ao tempo que, con o evidente propósito de evitar a presenza de testemuñas, ordenavan o resto das persoas que esperaban pasar consulta regresaren ao módulo.

Xa no interior da sala, os agora imputados deron orde a Magdare Rabay de despir-se e, cando estaba completamente nu, mallaron nel até o facer perder o coñecimento. Ao recuperar a consciencia, Magdare Rabay viu entrar na sala o propio xefe dos servizos médicos, Mario Luís Martínez, que comezou a golpeá-lo encanto os outros funcionarios o mantiñan inmobilizado proferindo expresións como “te mato te mato, hijo de la gran puta, moro de mierda, musulmán de los cojones, todos sois terroristas integristas, fanáticos hijos de puta”.

Depois, vestido e alxemado, conduciron-no ao módulo de isolamento onde o obrigaron a despir-se novamente e, aínda alxemado, foi vítima máis unha vez de golpes, ameazas e tratamentos degradantes (vários funcionarios orinaron sobre o seu corpo).

Sobre as 13’15 horas, os funcionarios que agora se enfrentan a unha acusación de torturas, voltaron entrar na cela onde Magdare Rabay permanecía manietado e, cando este solicitou ser atendido das lesións que lle produciran os golpes, Mario Luís Martínez Martínez, non só lle negou calquer tipo de asistencia médica senon que o ameazou de morte no caso de acudir solicitá-la à enfermaria.

O día 25 de Febreiro, Julia Valles Martínez, médica do centro penitenciário, observou o estado en que se achava Magdare Rabay e, despois de consultar con outro facultativo do centro (Ricardo López Piloto) e diagnosticar as lesións que presentava (“edema, dor à mobilización lateral e antero-posterior e deformidade do tabique nasal”), decidiu o seu traslado ao Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo para averiguar se existía fractura. O diagnóstico foi “contusión tabique nasal con fracturas de osos propios sen desprazar e fechada”.

AGRESIÓNS EN TEIXEIRO

O pasado día 14 de Outubro foi suspendido o xuízo contra Francisco Javier Rodríguez Gantes, Víctor Manuel Ladrón de Guevara Peñuela e Gabriel Bea Sampedro, imputados por varios delitos de resistencia e lesións a funcionarios do cárcere de Teixeiro.

Os feitos que ían ser xulgados tiveron lugar hai agora cinco anos cando varios funcionarios deste centro penitenciário pretenderon practicar no pátio da prisión un cacheo con nu integral ao interno Rodríguez Gante. Perante a resistencia do interno, que solicitou lle fose practicado o cacheo nun lugar reservado e se lle proporcionase unha bata, os funcionarios, despois de tentar arrancar-lle a roupa, deitaron-no no chan para o alxemaren antes de o trasladar a unha cela de isolamento.

Gabriel Bea e Víctor Manuel Ladrón de Guevara, que protestaron pola violenta actuación dos funcionarios, foron tamén agredidos por estes e trasladados a outras celas, onde permaneceron alxemados catro días en rexime de isolamento ao igual que o

seu compañeiro. Estas medidas disciplinarias, así como a inxustificada reacción dos funcionarios, foron calificadas de excesivas polo xuíz de Vixilancia Penitenciaria da Coruña en Auto de 3 de Decembro de 1999 (Expediente 9108/99).

A lei do funil

No entanto, e apesar das evidencias das lesións sufridas polos internos (contusións en tabique nasal e rexión frontal, equimoses en pernas, golpes en incisivos, hematoma en parrilla costal,...), o xulgado de Betanzos que instruí as dilixencias decidiu arquivar as súas denuncias ao paso que admitía a trámite as que presentaron dous dos funcionarios implicados no altercado: Francisco Javier Alonso Sanchez e José Luís Martínez Ambroa.

O fiscal pede agora nove meses de prisión para Javier Rodríguez, dous anos para Gabriel Bea e oito para Víctor Manuel Ladron de Guevara.

Infraccións procesuais

O xuízo, que estaba previsto celebrar o pasado día 14 na Audiencia da Coruña, tivo de ser suspendido ao decretar o xuíz a nulidade procesual por un dos imputados ter sido levado a sentar-se no banco dos acusados sen que se lle tivese tomado declaración, o que supón –como xa fixera constar no seu día a defensa- infracción do dereito de audiencia, defensa e prova.

OUTRO XUÍZO SUSPENDIDO

Igualmente foi suspendido o xuízo previsto para o 18 de Outubro a Sergio Sampedro Espinosa. Nesta ocasión debido ao estado de saúde do imputado.

Como no caso anterior, a denuncia por delito de tortura e lesións, formulada polo interno e por varios colectivos solidarios (CNA, PreSOS, ACT..) contra varios funcionarios do cárcere de Teixeira (Javier Simeón Longhi, Pedro Luís García Ares e Odilo Doniz Doniz) foi arquivada polo xulgado de instrución de Betanzos, apesar de o interno presentar lesións importantes diagnosticadas polo médico do propio centro penitenciario. Tamén como no caso anterior as denuncias que por delito de atentado e lesions formularon eses mesmos funcionarios contra o interno si foron admitidas a trámite e tamén agora a petición fiscal é a todas luces desmesurada: 15 anos de prisión por unha actuación que o advogado defensor califica de “lexítima defensa”.

Acabar con a impunidade

A práctica de arquivar as denuncias dos internos sen que medie unha investigación séria que permita establecer que foi o que realmente aconteceu en cada caso, mui especialmente cando a denuncia se formula por un delito de tortura, non só vulnera dereitos que a lexislación española e internacional teoricamente garanten a todas as persoas, senon que tamén contribuí a alimentar o clima de impunidade propicio aos abusos de poder, como reiteradamente denuncian as asociacións de defensa dos dereitos das persoas presas.

Se a isto acrescentarmos a demora na celebración dos xuízos e o desmesurado rigor punitivo que se exerce contra quen é obxecto de denuncia dos funcionarios, non nos será difícil comprender as dificultades con que deparan esas persoas para reincorporarse à vida social (muitas delas obrigadas a reingresar en prisión cando xa estaban plenamente incorporadas à vida en liberdade). E as dificultades que ten a propia sociedade para saber que acontece realmente atrás dos opacos muros das prisións.

O RELATOR DA ONU INSISTE NAS SUAS DENÚNCIAS

Theo van Boven, Relator Especial da Comisión de Dereitos Humanos da ONU, que xa alertara o pasado ano sobre a existencia de torturas no estado español, reiterou as súas denuncias perante a Asemblea Xeral o pasado mes de Outubro.

“A tortura acontece en moitos lugares, incluída Europa, e está relacionada con cuestións de autodeterminación como o País Vasco en España ou os curdos en Turquía”, afirmou.

Van Boven mostrou a súa preocupación por non se ter eliminado aínda no EE o rexime de detención incomunicada. “A tortura ou o maus tratos non é práctica sistemática en España” –manifestou– “mas a forma como funciona o sistema permite que se cometan actos de tortura ou maus tratos, particularmente con persoas que son arrestadas e incomunicadas en conexión con actividades relacionadas con o terrorismo”. Consecuentemente, o Relator Especial reiterou a recomendación ao Goberno español de adoptar unha serie de medidas para cumprir o seu compromiso de impedir e suprimir este tipo de prácticas:

- . Ratificar o *Protocolo Facultativo da Convención contra a Tortura e outros Tratos e Castigos Cruéis, Desumanos ou Degradantes*.
- . Abolir o rexime de detención incomunicada.
- . Garantir o dereito das persoas detidas a ter acceso a un advogado e a ser visitadas por un médico da súa elección.
- . Garantir o dereito da familia a ser informada do arresto e o lugar de detención.
- . Gravar (preferiblemente en vídeo) os interrogatorios con identificación de todas as persoas presentes.
- . Proibir explicitamente prácticas como a de cegar a persoa detida.
- . Investigar inmediata e efectivamente as denuncias de tortura e maus tratos, procedendo à suspensión dos axentes denunciados durante a investigación.
- . Adoptar as medidas legais necesarias para garantir que as vítimas da tortura sexan devidamente recompensadas.

Canto à práctica da dispersión, que descrevera anteriormente como unha medida “aparentemente” falta de “base legal” (...) “aplicada arbitrariamente”, van Boven afirma que “deve tomar-se en consideración o mantimento de relacións sociais entre as persoas presas e as súas familias en beneficio destas últimas e da rehabilitación delas propias.”

BIBLIOTECA

Ending secret detentions (www.hrf.org)

Human Rights First fixo público o pasado mes de Xuño os resultados de unha exhaustiva investigación sobre os centros de detención ilegais que EE.UU. mantén dentro e fora das súas fronteiras: Afganistán, Guantánamo, Iraqe, Paquistán, Diego Garcia, Xordánia e os propios USA.

Ending Secret Detention é un documento revelador que certifica con cópia de datos a existencia de 25 instalacións total ou parcialmente inacésibles ao control de tribunais e organizacións humanitarias, onde permanecen detidos e privados de calquer tipo de dereitos millares de prisioneiros arbitrariamente calificados como “combatentes inimigos”. HRF clasifica estes centros en dúas categorías: os que son coñecidos publicamente (mais que albergan no seu interior lugares de detención secreta) e aqueles de que se ten noticia por indicios moi seguros mais cuxa realidade non se recoñece. A descrición acompaña-se da análise das circunstancias e efectos da existencia destes lugares de detención, así como de numerosos testemuños de prisioneiros que narran o terror que se vive no seu interior.

YEAR ZERO. Tell me no lies. Investigative Journalism & its Triumphs (Coldtype, 2004)

O coñecido xornalista e cineasta australiano John Pilger recolle neste libro un importante brazado de reportaxes que hoxe clasificaríamos como “xornalismo de investigación”. Denominación un tanto equívoca, como o propio Pilger se lembra de precisar, e que non existía na altura en que moitos destes artigos foron escritos. “Para a selección” –afirma Pilger– “seguin un criterio mais amplo que o simple traballo detectivesco e inclúen textos que dan testemuño e investigan ideas, textos de homes e mulleres que desprezan o autoritarismo e se empeñan en desvelar verdades incómodas.”

Tomando como punto de partida o ano 1945 (a reportaxe de Wilfred Burchett sobre os horrores do bombardeamento de Hiroxima e as mentiras das crónicas dos xornalistas “incrustados” nas tropas aliadas), Pilger recolle neste libro de case 600 páxinas artigos de Martha Gellhorn, James Cameron, Edward R. Murrow, Paul Foot, Robert Fisk, Linda Melvern, Seumas Milne, Eduardo Galeano, Edward Said, Joy Gordon, o propio Pilger (un inesquecible traballo sobre o rexime dos Khemeres Vermellos) e outros insubornáveis *mavericks* do xornalismo internacional.